

INTERVENCIÓN NO CONGRESO “RAMÓN PIÑEIRO E GALEGUISMO”: PAIRAN AÍNDA SOBRE A NACIÓN

(Da intervención oral no Congreso *Ramón Piñeiro e Galeguismo*
organizado pola Real Academia Galega e o Consello da Cultura)

Camilo Nogueira

Resulta sempre apropiado e mais nun ano como este no que a Real Academia Galega lle dedica o Día das Letras a Ramón Piñeiro tratar sobre o seu papel político como galeguista durante a Segunda Guerra Mundial e da Guerra Fría até a Transición.

Reorganizado o Partido Galeguista, Ramón Piñeiro e os seus compañeiros Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román, Xaime Isla Couto e Fermín Penzol acometeron meritoriamente a reconstrución do Partido Galeguista na clandestinidade, entre 1943 e 1944, e as negociacións de acordo cos exiliados para incorporaren o nacionalismo galego ás alianzas da oposición ao franquismo. Contribuíran á participación de Daniel Castelao no Goberno republicano no exilio presidido por José Giral Pereira, en espera de que a vitoria dos aliados fronte aos reximes nazi e fascista de Alemaña e Italia, for acompañada da queda da Ditadura. Sofreron como todos os republicanos unha dura frustración cando acabada a Segunda Guerra Mundial e comezado axiña o confronto estratéxico da Guerra Fría, os aliados occidentais, con EEUU e o Reino Unido á cabeza, apoiaron a permanencia do xeneral Franco.

A decisión dos aliados, con consecuencias que serían agravadas pola detención e a prisión de Piñeiro en Madrid entre os anos 1946 e 1949 e o falecemento de Castelao en Buenos Aires en 1950, evidenciou unha división que viña de antes, pensando os galeguistas do exilio na instauración dunha República Federal e coidando os do interior que de producirse a caída da Ditadura habería que contemplar unha alianza das forzas da oposición que incluíse aos partidarios non franquistas dos Borbon, prevendo a instauración dunha monarquía parlamentar. A partir daquel momento, ignorando o Consello de Galiza que con Daniel Castelao formaran deputados como Ramón Suárez Picallo, Antonio Alonso Ríos e Elpidio Villaverde, os galeguistas do interior emprenderon un roteiro tendente a abandonar a acción política, dando por disolto o Partido Galeguista e orientando o seu traballo á acción cultural, fundando a Editorial Galaxia.

Non se limitaron a hibernar o PG, dadas as difíceis circunstancias da Ditadura. Renunciaron ás aspiracións nacionalistas e a mesma idea de Galiza como nación políti-

ca, rompendo coa tradición galeguista e coas posicións defendidas por Castelao e os seus compañeiros no exilio.

Con manifesta desmesura, se se toma como referencia un longo e significativo traballo escrito por Ramón Piñeiro en 1956, os galeguistas do interior inscribían esta decisión concreta nunha teoría xeral sobre o fin do nacionalismo e dos Estados-nación. Piñeiro apoiaba tal consideración nos movementos europeos da posguerra destinados a establecer unha institución supraestatal para resolver en común problemas políticos, económicos ou sociais non reducíbeis ao ámbito dos Estados nacionais soberanos. Coi-daba que ese propósito unitario supuña o fin do principio das nacionalidades que acompañara á criazón de novos Estados durante o século XIX e a primeira metade do XX. Non paraba aí. Para o Ramón Piñeiro dos anos cincuenta, os Estados-nación e o nacionalismo só eran defendidos pola URSS, nunha acción instrumentada através dos partidos comunistas da Europa occidental. Pensaba que os Estados europeos, xogándose na decisión a subsistencia das formas de vida características de Occidente, se enfrentaban ao dilema de superar os “vellos moldes do Estado nacional soberano” ou “entregarse á asimilación política” por parte de Rusia.

Non pretendo tratar aquí das posicións da URSS dese tempo e menos aínda dos rescaldos que aínda poden permanecer sobre a actitude dese Estado ante a criazón da Comunidade Europea. Sí quero, en cambio, sinalar que, condicionado polas circunstancias da Guerra Fria, Piñeiro non puxo en primeiro plano o facto de o movemento que levou á criazón da Comunidade Europea ter como obxectivo principal a superación das guerras fratricidas deois da traxedia da Segunda Guerra Mundial, mesmo indo máis alá da Grande Guerra dos Trinta Anos (1914-1945), que causaran dúceas de millóns de mortos, avanzando nunha unión cada vez máis estreita para resolver os problemas e desafíos da época mediante o diálogo e a paz. Non integrou no seu pensamento político o facto de que a unidade materializada deois de 1945, xa fora defendida por xente de mui diferente carácter político, tanto no final do século XIX como logo da Primeira Guerra Mundial e durante a Segunda, muito antes polo tanto das circunstancias da Guerra Fria. Mantendo a visión dunha Unión Europea independente dos EEUU e da URSS e dentro dela Galiza como nación, Daniel Castelao saudara a celebración do Congreso unitario da Haia de 1948, no que entre outros moitos representantes participaba o seu amigo, o lehendakari vasco José Antonio Aguirre.

A UE integraría Estados de condición mui diferente, desde os que se enfrentaran na guerra mundial, principalmente Alemaña e a República Francesa, aos que superaran recentemente ditaduras como Grecia, Portugal e o Estado español, a Irlanda e ao Reino Unido que a colonizara até había ben pouco e deois de 1989 a Estados do Leste que recuperaran a plena liberdade. O proceso europeo de unidade non negou o principio das nacionalidades e a autodeterminación dos povos, facilitando pola contra a integración de Estados que, aplicando esas normas democráticas, acababan de recuperar ou lograr a independencia.

Na medida que transferiron competencias ás institucións comunitarias, coa integración na UE a soberanía absoluta dos Estados membros devíu en soberanía partillada. Mais iso non significou a desaparición do seu carácter como *Estados-nación* (expresión en si mesma equívoca pois é utilizada para definir tanto aos Estados uninacionais como aos que, sobre a base dunha nación dominante, negan e reprimen a diversidade nacional interna), nen a perda da independencia. De acordo cos tratados da UE os Estados conservan o seu carácter independente e teñen recoñecido un específico dereito de autodeterminación, mantendo o dereito a arredarende da Unió e mesmo o de reincorporarende de cumpriren as condicións democráticas obrigadas para ser un Estado membro.

Neste contexto, aínda tendo que superar o obstáculo da unanimidade, como ocorre noutros asuntos cuestións especialmente relevantes, na legalidade da UE non existe nengunha norma que proiba a integración, como tais e de teren conquistado a condición estatal, de nacións como Escocia, Gales, Flandres, Cataluña, Escocia ou Galiza, practicando o que na lexislatura 1999-2004 o Intergrupo de Nacións sen Estado do Parlamento Europeu denominou como alargamento interno. Responde a esta realidade a pretensión do actual goberno de Escocia do Scottish National Party. Na Unión Europea non existe, por outra parte, ningún obstáculo acerca da presenza na mesma dun Estado constitucionalmente plurinacional, como o Estado español se así ocorrer.

Co abandono da idea de Galiza como nación e a disolución do PG, os galeguistas do interior pretenderían, a través de dúas formacións, unha socialista e outra demócrata-cristía, a galeguización das formacións políticas estatais na perspectiva dun Estado federal, coidando que estas asumirían a idea de Galiza como povo, de par das reivindicacións culturais e socio-económicas correspondentes. Porén, os galeguistas do interior non podían ignorar que ese propósito resulta incompatíbel coa conceición do Estado español e de España como nación única que fan súa e alimentan as organización políticas e as demais institucións e poderes estatais. De facto, o camiño para recoñecimento constitucional da plurinacionalidade dificilmente vai descender por algo que non for a previa asunción do autogoberno polas nacións sen Estado mediante forzas políticas propias ou plenamente autónomas.

As organizacións do nacionalismo galego, como as catalás e vascas, emerxerían de novo no comezo dos anos sesenta, ao mesmo tempo e formando parte da nova oposición obreira, estudantil e cultural ao franquismo. Tiña lugar daquela a descolonización mundial, dando a Comunidade Europea os seus primeiros pasos. Pouco antes, en 1959, o Presidente dos EEUU Dwight Eisenhower reunírase en Madrid co ditador Francisco Franco, bendecendo a permanencia da Ditadura.

Configuradas pola Unión do Povo Galego, o Partido Socialista Galego e Galicia Socialista, as organizacións nacentes situábanse na esquerda, con visións políticas diferenciadas. A UPG configuraba unha corrente partidaria da estruturación dun Frente Nacional Popular, de acordo coas tendencias anticolonialistas da época, situándose na

Guerra Fría no campo da URSS, aínda que sen estar subordinada as posicións da potencia do socialismo real. O PSG correspondía inicialmente á variante socialdemócrata proposta nese tempo polo galeguismo do interior, integrándose máis adiante no ámbito do nacionalismo. Galicia Socialista constituía unha corrente nacionalista de esquerdas, distanciada da división entre socialistas e comunistas, concordando con tendencias aparecidas noutros países europeos. As tres correntes contemplaban o dereito de Galiza á autodeterminación.

O impulso á idea de Galiza como nación non foi privativo das organizacións políticas ou das editoriais e os escritores en galego, estando protagonizado tamén polas asociacións culturais -O Facho, Asociación Cultural de Vigo, O Galo, Asociación Auriense...-, o sindicalismo galego, orixe da actual Confederación Intersindical Galega e outras iniciativas sociais, particularmente na Universidade.

Faltou a presenza do Partido Galeguista co concurso político dos que o reorganizaran nos anos cuarenta no exilio e no interior. De estar presente, o PG pudo ser quen de condicionar a estrutura do nacionalismo renacido, ben incorporando nunha organización plural as novas iniciativas e enerxías políticas, ben desenvolvendo a rama democrática que lle fora propia, establecéndose en convivencia con outra ou outras organizacións na esquerda, propiciando unha diversidade que da que aínda hoxe se carece. Faltou, especialmente, o Consello de Galiza, que cos representantes do PG e dos demais republicanos coa súa lexitimidade histórica pudo achegar a representantes das novas forzas políticas e sociais.

Integrada Galicia Socialista na Unión do Povo Galego a principio dos anos setenta, participando activamente nos movementos sindicais, notabelmente nos de 1972, e nas reivindicacións sociais e medio-ambientais, como nas mobilizacións contra a pretendida central de Xove, a UPG contribuíu a criar a Asamblea Nacional Popular Galega e, de par do Partido Socialista Galego e outras organizacións, o Consello de Forzas Políticas.

Co morte do ditador en 1975, o debate sobre as condicións da transición a un sistema estatal democrático provocarían unha división no nacionalismo. O Consello de Forzas Políticas defendeu a ruptura, presentando como alternativa as Bases Constitucionais para un Pacto Federal. Porén, cando se produciu un acordo entre oposición estatal e as forzas máis abertas do rexime franquista, na batalla polo recoñecemento na Constitución do precedente do Estatuto de Autonomía de 1936, e con iso a Galiza como nacionalidade, se orixinou unha división na ANPG. O grupo procedente de Galicia Socialista e outros militantes antifranquistas, de dentro e de fora da Asamblea, fundaron o Partido Obreiro Galego, participando na batalla estatutaria. Consideraban que, naquelas circunstancias, era preciso loitar por unha ampla autonomía, establecendo un campo democrático nacional galego. A ANPG insistíu na idea da ruptura, desatendendo a cuestión urgente do Estatuto de Autonomía de nacionalidade. Todos estaban por unha Constitución recoñecedora de Galiza como nación.

Son coñecidos os feitos que definiron a aprobación do Estatuto de Autonomía, co Estatuto dos 16, as manifestacións masivas de 1977 e 1979 e o triste referendo de 1980 dun texto abandonado polos mesmos partidos que reduciran o seu alcance político.

Nas primeiras eleccións, en 1977 concorreran con cativos resultados o PSG e tamén o BNPG, configurado pola UPG e a ANPG. Antes das eleccións municipais de 1979, contra o criterio do antigo grupo galeguista do interior e sen recoller toda a tradición do partido, fundárase un novo PG. Para acudir a esas eleccións e tendo metas mais ambiciosas, POG, PSG e PG reuníranse en Unidade Galega, conseguindo un resultado notábel, coa alcaldía da Coruña e a presenza nas principais cidades galegas. UG non resistiría a presión externa procedente principalmente, aínda tendo máis actores, desde posicións da dereita sobre o PG.

Nas eleccións ao Parlamento de Galiza de 1981, a coalición BNPG-PSG conseguiu tres deputados. Esquerda Galega -herdeira do POG con outras incorporacións- tivo un deputado. Ramón Piñeiro e outros tres compañeiros integráronse nas listas do PSOE. Nen este partido nen Alianza Popular ou a Unión de Centro Democrático presentes no Parlamento de Galiza cumprían a condición pretendida polos galeguistas do interior sobre a asunción da idea de Galiza como povo diferenciado.

Na primeira lexislatura, formando aínda parte da Transición, os deputados do BNPG-PSG negaríanse a acatar a Constitución de 1978, sendo expulsados do Parlamento. Só foron apoiados polo deputado de EG.

Ausentes os outros deputados nacionalistas e con independencia da influencia reservada que puideron exercer os deputados do grupo de galeguistas sobre partidos de ámbito estatal para a consideración de algunha iniciativa, no Parlamento o compromiso expreso en defensa e desenvolvemento do proxecto nacional galego foi asumido por Esquerda Galega.

Introducidas no Parlamento por iniciativa de EG, o Plenario da Cámara aprobou normas como a Lei de Normalización Lingüística, a Lei de Símbolos, a Lei do Valedor do Povo, a Proposición del Lei sobre as autovías na perspectiva de 1992, defendida despois ante o Congreso dos Deputados, e propostas sobre a industria, a agricultura e a pesca, as caixas de aforros, a estrutura territorial, os dereitos dos traballadores e da muller, as vías de comunicación, o medio ambiente, a diversidade nacional do Estado español, a presenza na Comunidade Europea ou as relacións con Portugal. Após 28 anos dun certo autogoberno e téndose producido unha transformación radical en Galiza e no mundo, esas e outras cuestións centrais tratadas no Parlamento de Galiza pairan aínda sobre a nación galega.